

## Á Mesa da Comisión 6ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a posta en marcha polo Goberno galego de actuacións de promoción do uso da madeira na construción dirixidas aos profesionais, promotores e usuarios (doc. núm. 49408).

### Emenda de adición

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir o seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a deseñar e presentar antes do remate do ano 2019 un *plan estratéxico da industria forestal*, que sexa recollido nos orzamentos para 2020 e considere actuacións específicas nos seguintes ámbitos:

- a) Incremente as dotacións nos diferentes programas de incentivos económicos aprobados, tanto a empresas como a centros de investigación e innovación do sector, revisando as condicións de concesión e vinculándoas ás garantías de estabilidade das empresas e do emprego.
- b) Desenvolva un programa para facilitar a dispoñibilidade de solo empresarial en condicións de custe e conectividade competitivos co entorno, tendo en conta a propia localización da produción forestal.
- c) Desenvolva un programa de fomento do I+D+i privado no ámbito da industria forestal coordinado cos centros públicos de investigación.
- d) Desenvolva plans de formación para ocupados do sector que permitan mellorar as capacidades dos traballadores, e polo tanto a capacidade competitiva do sector forestal.
- e) Desenvolva plans de formación para desempregados que permitan a existencia de bolsas de traballadores coa formación axeitada para o sector forestal.
- f) Desenvolva plans específicos de FP–Dual que permitan vincular a formación recibida polos alumnos ás necesidades formativas do sector forestal.

Pazo do Parlamento, 15 de maio de 2019





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/05/2019 13:58:34  
**Nº Registro: 49926**  
Data envío: 15/05/2019 13:58:34.471

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/05/2019 13:57:47**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/05/2019 13:57:56**

CSV: REXISTRO7KCwOMBcA5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)



## Á MESA DA COMISIÓN 6.<sup>a</sup>

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal**, e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á Proposición non de lei, doc. núm. 49408, do Grupo Parlamentario Popular, sobre a posta en marcha polo Goberno galego de actuacións de promoción do uso da madeira na construción dirixidas aos profesionais, promotores e usuarios, incluída na orde do día da sesión que esta Comisión vai celebrar o 16 de maio de 2019 (10/PNC-004002)

### **Emenda de Adición**

Debese engadir como punto 2 na parte resolutiva da proposta o seguinte:

2.- Para facer posibles os obxectivos enumerados no punto 1 desta Proposición non de lei, a Xunta de Galicia deberá desenvolver as seguintes accións:

- a) Promocionar e dotar orzamentariamente de maneira decidida a plantación de especies de madeiras de calidade, evitando así que o sector do moble e do contract teñan que recorrer de maneira masiva á importación.
- b) Impedir de maneira moi estrita o incremento da superficie plantada de especies de moi baixo valor engadido como o eucalipto.
- c) Implementar liñas máis ambiciosas de I+D+i para que os sectores do moble e o contract, recuperen, no caso do moble, e consoliden, no caso do contract, os seus postos de liderado e competitividade.
- d) Incrementar as partidas orzamentarias dirixidas ao CIS Madeira e ao CIS Deseño, así como aos departamentos das universidades galegas relacionados co sector, para que sexan quen de aportar ás empresas do sector de derivados





- da madeira posibilidades de colaboración para desenvolver produtos da máxima calidade e innovación.
- e) Mellorar de maneira decidida os medios, orzamentos e instalacións dos centros de formación profesional do sector da madeira. Para así adecualos ás verdadeiras necesidades do sector.
  - f) Desenvolver un Plan estratéxico de fomento da bioeconomía no sector da madeira.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputado do G.P. de En Marea    Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 15/05/2019 17:30:44**

**Luis Villares Naveira na data 15/05/2019 17:30:55**

